

Se consideramos que a exposición é o medio de comunicación máis directo e inmediato entre o museo e o seu público, o programa de exposicións temporais dunha institución museística debería cumprir unha función didáctica, divulgativa, científica, estética e social. Estas son tamén as directrices do Museo Provincial de Lugo e da Área de Cultura e Deportes da Vicepresidencia 1.^a da Deputación Provincial de Lugo polas que traballamos día a día cos seus erros e acertos, pero sempre coa vocación de servizo público.

Tanto esta exposición como o resto das desenvoltas en cada programación anual defínense como mostras cunhas finalidades moi concretas, neste caso de dar a coñecer a colección de arqueoloxía depositada nas zonas de reserva do MPL, principalmente pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, cos materiais procedentes das escavacións arqueolóxicas realizadas nesta provincia entre os anos 1990 e 2005. Ademais de amosar todos estes fondos, a maior parte inéditos, realizamos a súa catalogación e incluso para algunhas pezas un proceso de restauración e consolidación. Así mesmo, organizamos unha programación sociocultural paralela para desenvolver durante o primeiro trimestre do ano con variadas actividades e visitas guiadas en función dos posibles destinatarios. A finalidade xeral de todo o proxecto é contribuír ao coñecemento e difusión da arqueoloxía da provincia de Lugo.

Os fondos museográficos custodiados nos museos non poden estar sempre na exposición permanente non só por falta de espazo, no noso caso realmente perentorio, senón por criterios de alternancia, dinamismo e/ou variedade, polo que este tipo de mostras temporais son tamén ese medio efectivo de comunicación que permite o contacto directo obxecto-espectador. Como acto de comunicación transmítese unha mensaxe: o coñecemento, pero dun xeito atractivo, ofrecéndolles unha experiencia distinta ao público habitual e ao visitante ocasional

porque non todo se debe basear na función informativa e científica. Hoxe en día a «elocuencia estética» ten en conta as presentacións artísticas/estilísticas e o deseño para facer máis atractiva a mensaxe e chegar tamén de xeito lúdico e estético a todos os públicos, sobre todo neste tipo de exposicións temporais onde a escenografía pode ser máis «atrevida» que nas permanentes. Confiamos en que este traballo contribúa a facer da nosa cidade e do Museo Provincial de Lugo un punto de referencia da arqueoloxía nun ano especial, xa que se cumpren dez anos da inscrición da Muralla de Lugo na listaxe de Bens Patrimonio da Humanidade da UNESCO.

A colección de arqueoloxía amosada que forma parte, como xa dixemos, dos fondos non expostos, foi posta ao día polo Departamento de Arqueoloxía e Historia do MPL, polo que é de agradecer o importante traballo realizado por Ofelia Carnero e Enrique Alcorta como comisarios e encargados da revisión e selección de pezas, así como a intensa e meritoria implicación dos bolseiros Marco Antonio Rivas Nodar e Lucía Carreira Méndez, ademais das restantes colaboracións institucionais e particulares coma a da propia Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia, o Museo Nacional e Centro de investigación de Altamira, a Fundación Ortegálica ou o da directora do Departamento de Historia 1 da Facultade de Xeografía e Historia da USC Raquel Casal García. A todo este traballo hai que engadir o deseño, montaxe, fotografía, coordinación da publicación etc, o que contribuíu a que este ambicioso proxecto se presente ante o público do MPL a través da exposición «ARQUEOLOXÍA 1990-2005» e deste catálogo razoado, ao tempo que estamos a cumprir as funcións asignadas aos museos no relativo á realización de exposicións temporais, á publicación dos fondos museográficos que conservamos e á obriga de transmitirles ás vindeiras xeracións este patrimonio arqueolóxico como testemuño da nosa historia antiga e moderna.

Aurelia Balseiro García

Directora do Museo Provincial de Lugo